




Área / Unidad GESTION DE DEPORTES DJ1000 EBS.	Documento 21115100SV	
Código de verificación  505D 2002 2V37 561L 0HW9	Expediente 211/2021/85	
	Fecha 26-02-2021	

Logo de ver o informe proposta que antecede e en virtude das competencias que me atribúe a lexislación vixente, resolvín

## DECRETO

Aprobar as Bases reguladoras da convocatoria de prazas para a realización de andainas guiadas na cidade da Coruña durante os meses de marzo de 2021 a marzo de 2022, formando parte da programación deportiva da Concellaría de Deportes.

As ditas Bases achéganse a este Decreto como Anexo formando parte del.

A Coruña, na data da sinatura electrónica

Alcaldesa, p.d  
A concelleira delega de Deportes  
(Decreto 26.06.2019, BOP do 03.07.2019)



## **ANEXO**

### **BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A COBERTURA DE PRAZAS DAS ANDAINAS GUIADAS DESENVOLVIDAS POLA CONCELLARÍA DE DEPORTES**

#### **1. OBXECTO**

Estas Bases teñen por obxecto regular a convocatoria da Concellaría de Deportes para a obtención dunha praza nas andainas guiadas desenvolvidas pola Concellaría de Deportes entre marzo de 2021 e marzo de 2022.

#### **2. PERSOAS DESTINATARIAS**

Poderán participar nas andainas as persoas maiores de idade que desexen realizar andainas deportivas pola cidade da Coruña co fin de coñecer o mundo do deporte da cidade, a súa tradición histórica, así como as instalacións e monumentos deportivos mais relevantes (Estadio de Riazor, Palacios dos deportes de Riazor, etc.)

Terán preferencia para a obtención dunha praza as persoas alumnas das Escolas Deportivas Municipais que sexan maiores de 18 anos, con idade cumprida no momento de realizar a inscrición.

No caso de que queden prazas libres, poderán realizar a andaina o resto da cidadanía da Coruña, sempre e cando cumpran o requisito da maioría de idade.

#### **3. NÚMERO DE PRAZAS**

O número de prazas dispoñibles variará en función da normativa sanitaria motivada pola Covid-19. Como norma xeral, organizaranse grupos de 4 persoas mais un guía.

Inicialmente ofertaranse 476 prazas que se poderán incrementar a medida que a normativa sanitaria permite realizar grupos mais numerosos.

#### **4. TIPOS DE ANDAINAS**

Poderanse realizar catro tipos distintos de rutas ou andainas pola cidade. Cada mes, irase publicando as andainas programadas para o mes seguinte.



## **OPCIÓN 1: Andaina polo deporte coruñés e 50 anos do Palacio dos Deportes de Riazor**

Horario estimado: 12.00 a 13.00 horas

Temática: historia do deporte coruñés

Nesta ruta repasarase a historia do deporte na cidade da Coruña e as súas persoas protagonistas xunto aos escenarios en que destacaron. Recordaranse fitos como os que ocorreron no corralón da Gaiteira e A Granxa até os do campo de Riazor e o estadio que se constrúe a comezos dos 40, unha arquitectura que se revisará para acoller o Mundial de 1982 e que finalmente nos 90 recibirá o "fenómeno do Superdepor".

Ademais do fútbol, abordaranse outras especialidades como o hóckey sobre patíns, o fútbol-sala, o baloncesto, o atletismo, o remo e a esgrima, así como as e os coruñeses que foron "olímpicas/os".

Saída: Busto de Arsenio

Percorrido: busto de Arsenio Iglesias do Paseo de Riazor, Estadio Municipal de Riazor e Palacio dos Deportes de Riazor onde está instalada a exposición 50 anos do Palacio.

Fin: Palacio dos Deportes de Riazor.

Duración: 1 hora.

## **OPCIÓN 2: "Andaina Parque Escultórico da Torre".**

Horario estimado: 12.00 a 13.30 horas

Temática: historia mitolóxica da contorna

A ruta suporá unha andaina polo Parque escultórico que rodea a Torre de Hércules, desfrutando da paisaxe atlántica e a mitoloxía que encerran as estatuas situadas nas 47 hectáreas de pulmón verde que rodean o faro.

Saída: Oficina de Información da Torre de Hércules

Percorrido: Realizaranse paradas na escultura de Caronte, nos Menhires, no Campo da Rata e diante das obras de Hércules na nave dos argonautas, Ara Solis, do petróglifo e as de Breogán, Rosa dos Ventos e Ártabros

Fin: Ártabros



Duración: 1,30 hora aproximadamente.

Distancia: 2,7 quilómetros,.

### **OPCIÓN 3: “Andaina descubriendo dende a Torre ata Riazor”**

Horario estimado: de 12:00 a 13:30 horas.

Dende a Torre até o busto de Arsenio diante do Estadio Abanca Riazor con paradas no Peixe de Peteiro e o Aquarium, Domus, Fonte dos surfistas, Monumento aos heroes do Orzán, busto de Arsenio para chegar até a explanada de Riazor.

Distancia: 3,4 quilómetros.

### **OPCIÓN 4: “Andaina descubriendo dende María Pita á Torre”**

Horario estimado: de 12:00 a 13:30 horas.

O grupo andará a ritmo moi suave tras o guía e parase para escoitar as explicacións sobre María Pita, as murallas do Parrote, o vello baluarte, as murallas do Parrote e a Porta de San Miguel, o cemiterio de Santo Amaro, Caronte e Breogán.

Distancia: 3,3 quilómetros

## **5. INSCRICIÓN**

As persoas interesadas deberán cubrir o formulario específico que está a súa disposición na páxina web de Deportes [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes). No caso de que o desexen, tamén poderán chamar ao teléfono 981 18 98 00.

As inscricións poderase realizar os primeiros días laborais de cada mes, segundo se vaia comunicando na páxina web.

O día antes do comezo das andainas do mes en curso publicarse na web municipal a listaxe coas persoas que obtiveron praza e coas que quedaron en lista de agarda.



## **6. PREZO**

As andainas guiadas serán totalmente gratuítas.

## **7. NORMAS A SEGUIR DURANTE A ANDAINA**

Será obrigatorio o uso de máscara durante toda a andaina

Será obrigatorio gardar a distancia de seguridade e seguir en todo o momento as indicacións do guía.

Realizaranse os grupos en función das normas Covid-19.